

*BASES DO
RECOÑECEMENTO
"SUSO JARES" DE
PROGRAMAS E
EXPERIENCIAS DE
CONVIVENCIA
ESCOLAR E CULTURA
DE PAZ*

BASES DO RECOÑECIMENTO "SUSO JARES" DE PROGRAMAS E EXPERIENCIAS DE CONVIVENCIA ESCOLAR E CULTURA DE PAZ

OBXECTO

A Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e comarca (FOANPAS) e, na presente ocasión, Nova Escola Galega convocan a **II Edición dos Recoñecementos "Susos Jares" de programas e experiencias de convivencia escolar e cultura de paz**, ao producirse dez anos do pasamento do profesor Xesús Rodríguez Jares. Estes recoñecementos pretenden distinguir as iniciativas máis destacadas promovidas por: centros educativos públicos da cidade de Vigo e comarca, entidades sen ánimo de lucro, Administracións Públicas e persoas que demostren un compromiso activo en cada unha das seguintes categorías:

Categoría 1: Centros educativos (0-3 e 3-6 anos, Primaria e Secundaria).

Programas de convivencia activa, pacífica, igualitaria e inclusiva nos centros escolares.
Proxectos innovadores en prol da cultura de paz.

Categoría 2: Outros eidos (administracións, entidades sen ánimo de lucro e persoas físicas).

Políticas e programas públicos.
Iniciativas ou traballos persoais ou individuais.

PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

A presentación de candidaturas, indicando en cada caso a Categoría 1 ou 2 á que se presentan, deberá realizarse conforme á modalidade do recoñecemento ao que se opta, dende o 15 de Novembro ata o 15 de Decembro de 2018.

Os proxectos presentados deben estar redactados en lingua galega.

Cubrir un formulario de inscrición.

Agregar ao formulario un documento descritivo (mínimo: 4000 caracteres) do proxecto/programa/experiencia realizada nos cursos 2017 -18 e/ou 2018-19 indicando (de modo orientativo): Contexto do centro e da experiencia. - Nivel educativo. - Obxectivos. - Formulación e desenvolvemento. - Recursos e estratexias empregadas. - Avaliación por parte do alumnado e do profesorado, e reflexión sobre o realizado. - Perspectivas abertas a partir da experiencia realizada.

Indicar no documento se hai material gráfico (vídeos, carteis etc.) e, de ser posible, achegar mostra).

Enviar/comunicar dentro do prazo indicado a:

FOANPAS: **Camiño Chouzo, 2 - 36208 - Vigo (Pontevedra)**

foanpas@foanpas.com

COMUNICACIÓN FINALISTAS e RECOÑECIMENTO PÚBLICO

Emitirase desde FOANPAS unha comunicación por escrito (vía e-mail) e telefonicamente no prazo dun mes, rematado o prazo de presentación o 15 de Decembro. Previsiblemente, no 30 de Xaneiro de 2019, Día Escolar da Non-violencia e a Paz celebraremos un Acto público no marco do cal serán públicos os Recoñecementos acordados.

XURADO

Estará composto por:

2 representantes de Nova Escola Galega.

2 representantes de FOANPAS.

2 representantes das direccións dos centros de ensino.

1 representante do Concello (Concellaría de Educación).

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para a selección dos proxectos recoñecidos en cada unha das dúas Categorias, o xurado valorará as propostas tendo en conta:

Actuacións e medidas desenvoltas para a mellora da convivencia e a promoción da cultura de paz e de non violencia.

O carácter innovador e singular do proxecto.

O grao de cumprimento dos obxectivos.

Visibilidade e incidencia no conxunto da comunidade: terase en conta que a iniciativa sexa un referente para outros centros e/ou para o conxunto da comunidade educativa.

Vigo, 14 de Setembro de 2018

M^a del Carmen Rivas Corbacho
Presidenta de FOANPAS

M^a Dolores Candedo Gunturiz
Presidenta de Nova Escola Galega